
NORMATIVA DA COMPETICIÓN DE CAZA DE RAPOSO

A competición de Caza de Raposo con cans de rastro ten por obxecto fomentar a camaradería e a sociabilidade deportiva entre aqueles cazadores desta especie unidos por esta afección. Cando nos nosos montes escasea a perdiz, o coello e a lebre, vemos con xúbilo que o raposo aumenta cada ano a súa poboación.

A competición do Raposo rexerá polo Regulamento de Caza Menor, prevalecendo as normas seguintes:

- 1** Neste campionato o raposo é a única peza cazable. Será descualificado o equipo que abata outra peza distinta.
- 2** A participación será por equipos. Cada equipo estará composto por nove cazadores e un xuíz.
- 3** A competición efectiva durará un máximo de 6 horas. Habilitarase o tempo necesario en cada competición para a saída e chegada dende os campos ao control. A hora de peche será fixada pola organización da proba. O director da proba poderá prolongar a hora de peche do control se circunstancias excepcionais así o requiren, sempre que estas afecten a varios participantes, por exemplo nos casos de sabotaxe, aglomeracións de participantes no control, etc. Non se poderá entrar no control antes de transcorrido o 50% do tempo da competición.
- 4** A puntuación será de 500 puntos/raposo. En caso de empate entre equipos resolverase en primeira instancia polo maior número exemplares de machos abatidos, e de persisti-lo empate resolverase por sorteo.
- 5** Só se permite usa-lo coche para desprazarse do lugar de concentración ao lugar da proba e ao retorno, así como para a recollida de cans.
- 6** O director da proba poderá autoriza-lo uso de vehículo se circunstancias especiais así o aconsellan.
- 7** A organización terá que establecer tantas zonas como equipos inscritos de maneira que se permita cazar con amplitude.
- 8** Queda limitado o número de cans por cuadrilla a un mínimo de dous e un máximo de dez. Non se permitirá a participación de cans con mostras ostensibles de enfermidade, ou de non estar desparasitados, nin de cadelas en período de celo.
- 9** Permitiranse o uso de colares localizadores de cans.
- 10** O uso das emisoras farase con aquelas autorizadas para o exercicio da caza.
- 11** Os raposos abatidos serán identificados a través dun distintivo no que conste o nome do cazador que o abateu, a hora da captura e o sexo, debendo ser verificada esta anotación polo xuíz.
- 12** Non serán admitidos os raposos que debido a lesións excesivas non se lles poida facer a oportuna inspección veterinaria.
- 13** Durante a competición as armas e cartuchos a utilizar polo cazador deberán cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente para esta competición (3 cartuchos en escopeta e munición).
- 14** O raposos abatidos serán presentados no control dentro do tempo establecido, e dunha soa vez polo xuíz e o xefe de cuadrilla. Os raposos presentados fóra da hora establecida como peche do control non puntuarán.
- 15** Se o comité técnico ditamina que unha peza non foi abatida legalmente no tempo da cacería e así o ratifica o xurado de competición o equipo quedará descualificado na proba.

A presente normativa foi aprobada pola Asemblea Xeral celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.